

**XXIII ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
DESDE O BERCE: A TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL DA LINGUA GALEGA
25 e 26 de outubro de 2021: difusión dos contidos gravados
4 de novembro de 2021: sesións presenciais**

CURRÍCULOS

PAULA KASARES

Paula Kasares, natural de Pamplona, é doutora en Sociolingüística e profesora da Universidade Pública de Navarra.

Licenciouse en Filoloxía Vasca na Universidade de Deusto e en Antropoloxía Social e Cultural na Universidade do País Vasco (UPV). Completou os seus estudos cun Diploma de Posgrao en Planificación Lingüística (UPV) e o Diploma Superior en Estudos Especializados de Antropoloxía Social e Cultural (Universitat Autònoma de Barcelona). Doutorouse en 2013 na Universidade Pública de Navarra (UPNA) cunha tese sobre a continuidade xeracional do eúscaro e a socialización lingüística nas familias vascofalantes de Navarra.

Académica e profesionalmente está vinculada ao ámbito da sociolingüística. En 1994 comezou como técnica de normalización lingüística. Entre 2001 e 2003 foi directora do Observatorio dos Dereitos Lingüísticos. Actualmente é directora do Servizo de Planificación e Promoción do Eúscaro do Euskarabidea, Instituto Navarro do Eúscaro do Goberno de Navarra, e profesora asociada do Departamento de Ciencias Humanas e da Educación da UPNA.

É autora de tres libros e de varios artigos sobre sociolingüística e antropoloxía lingüística, un dos cales a fixo merecedora en 2011 do Premio *Hausnartu* outorgado polo Cluster de Sociolingüística. Así mesmo, presentou comunicacións e relatorios en diferentes congresos nacionais e internacionais.

É membro correspondente da Euskaltzaindia, Real Academia da Lingua Vasca, desde 2006.

XAQUÍN LOREDO

É investigador do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega con formación en Psicoloxía.

Participou en proxectos como: *Lingua e sociedade en Galicia, Mapa sociolingüístico de Galicia 2004, Mapa sociolingüístico escolar de Ames, Avaliación das competencias bilingües nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO, O galego segundo a mocidade*, entre outros. Na

actualidade participa en proxectos como: *Prácticas lingüísticas na infancia* ou *O galego segundo a mocidade 20 anos despois*.

A continuación preséntase unha escolla das súas publicacións:

Libros:

Mapa sociolingüístico escolar de Ames (2021); *Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º da ESO* (2020); *Lingua e sociedade en Galicia, A evolución sociolingüística 1992-2013* (2017); *Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán* (2010); *O galego segundo a mocidade* (2003).

Capítulos:

“A importancia dos contextos urbanos e periurbanos en Galicia na transmisión lingüística interxeracional da lingua galega” (2019) e “Language Use and Language Attitudes in Galicia” (2007).

Artigos:

“La transmisión intergeneracional del gallego” (2020); “Is the coexistence of Catalan and Spanish possible in Catalonia?” (2019); “O retroceso da transmisión lingüística en Galicia” (2017); “La transmisión lingüística intergeneracional: el reflex de la vitalitat d’un idioma” (2017); “La transmisión intergeneracional del gallego. Comparación con el catalán” (2017).

ANIK NANDI

Anik Nandi (Burdwan, India) é un sociolingüista bengalí e doutor en Linguas e Estudos Interculturais pola Universidade Heriot-Watt (Edimburgo, Reino Unido). Licenciado en inglés pola Universidade de Burdwan (India) e posgraou na Universidade de Santiago de Compostela (Galicia, España) coa especialidade de Lingüística.

Traballou como investigador predoutoral nun proxecto da Unión Europea sobre os neofalantes. Fixo a súa primeira estancia posdoutoral na Queen's University de Belfast, Reino Unido, entre 2017-19.

Actualmente é investigador convidado na Universidade de Leiden, Países Baixos. Nandi tamén é colaborador no Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega e na Cátedra UNESCO de Patrimonio Lingüístico Mundial da Universidade do País Vasco. É especialista en áreas de política lingüística, sociolingüística india e europea, investigación etnográfica, linguas minorizadas e ensino de linguas estranxeiras.

Tamén é autor de diversas publicacións científicas acollidas en revistas de prestixio como *Current Issues in Language Planning*, *Multilingua*, *Language Policy*, *Russian Journal of Linguistics*, *Revista Española de Lingüística Aplicada* e *Estudios de Lingüística Galega* entre outros.

ANA IGLESIAS

Ana Iglesias Álvarez (Vigo, 1973).

Doutora en Filoloxía (2002) e licenciada con grao en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galego-Portuguesa, pola Universidade de Santiago de Compostela. Premio Extraordinario de Licenciatura (curso 1997/98) e Premio Extraordinario de Doutoramento da Facultade de Filoloxía (curso 2001/02).

Tras rematar a licenciatura, dedicouse á investigación no campo da Sociolingüística. Resultado deste labor son varios artigos publicados en revistas especializadas, como *Verba*, *Cadernos de Lingua* ou *Estudos de Lingüística Galega*, así como a participación en diversos congresos, de carácter nacional e internacional, ademais do libro publicado por Eds. Xerais, na colección Universitaria, baixo o título *Falar galego: “no veo por qué”* (2002). Tamén participou na elaboración do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Política Lingüística) como membro da Comisión Sectorial Nº 2, dedicada á Educación, Familia e Mocidade.

No campo da Política Lingüística Familiar ten no prelo tres artigos, sobre a transmisión interxeracional en Galicia, nas seguintes revistas: *RESLA*, *Estudos de lingüística galega* e *Sociolinguistic Studies*.

No ámbito laboral, cómpre destacar a docencia como profesora asociada no Departamento de Filoloxía Galega e Latina, na Universidade de Vigo (desde 2004 ata 2012), actividade que compartiu coa docencia no ensino medio na materia de Lingua galega e literatura, ata que no curso 2014/2015 se incorporou a tempo completo na Universidade de Vigo, onde na actualidade imparte aulas, tamén de lingua galega e literatura, na Facultade de Educación e Traballo Social, no campus de Ourense. Sempre compaxinou o seu traballo como docente e investigadora coa elaboración dos libros de texto de Lingua e literatura galegas da editorial Xerais, tanto de bacharelato como da ESO. E desde o curso 2019/20 é a directora do grupo de traballo da ABAU da materia de Lingua galega e literatura.

RUTH CARAMÉS

Licenciada en Bioloxía e Postgrao en Enxeñaría ambiental.

É nai dende hai oito anos, os mesmos que leva formando parte da cooperativa de xestión cultural Fabaloba, na que desenvolve diversos proxectos de dinamización lingüística, moitos deles dirixidos a familias e profesionais da educación.

A campaña *Gústame o galego*, o proxecto de achega de materiais en galego para a educación infantil *Aliali.gal* ou o deseño de materiais educativos e divulgativos para o programa *Apego* son algúns exemplos.

IRIMIA FERNÁNDEZ

Licenciada en Xeografía pola USC e creadora do proxecto Brazolinda.

Formada no mundo das ciencias por curiosidade persoal, cun especial interese no mundo da educación e criada entre filólogos amantes da súa profesión, Irimia atopou a maneira de canalizar todos estes coñecementos e paixóns coa creación de Brazolinda, un proxecto de deseño e fabricación de xogos de mesa en galego.

Brazolinda naceu no ano 2015 e conta cun amplo catálogo de xogos, en continuo crecemento, que pretenden servir como ferramenta educativa alí onde sexan necesarios; nas escolas, nas casas, nos centros de maiores... Hai xogos de matemáticas, agudeza visual, adiviñas, mitoloxía galega, léxico, expresión oral... e todos eles cuns obxectivos educativos concretos e deseñados para que xoguen xuntos grandes e pequenos.

Mais nos xogos de Brazolinda non só se miman a parte educativa, o divertimento ou a estética, senón que o idioma ocupa un lugar principal. Así, na procura dunha maior e mellor difusión do noso idioma, todos os xogos están en galego, tanto as instrucións como outros elementos do xogo no caso dos que teñen texto. Neste senso, no ano 2017 este proxecto foi galardoado na XVIII edición do premio Manuel Beiras, outorgado polo Concello de Santiago de Compostela e a Cámara de Comercio ás empresas que teñen o galego por bandeira.

www.brazolinda.com

SOCORRO GARCÍA

Desde a licenciatura en Filoloxía Galega e o Servizo de Normalización da USC, cheguei en 1992 ao Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago.

Este traballo permitíume formar parte do primeiro plan de normalización municipal, da formación de novos técnicos e doutros interesantes proxectos colectivos, entre as que destaco a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua e os programas que mantemos grazas á cooperación entre servizos.

Para botarlle un ollo ao que facemos: delingua.santiagodecompostela.gal

MANUEL MASEDA

Aprende a tocar o acordeón por xenética. Foi o seu pai quen o encarreirou no mundo da música en Burela e tamén no xeito de vivila intensamente.

No seu estilo musical está sempre viva, como feito diferencial, a enerxía da música en directo. Os seus estudos musicais profesionais de solfexo, piano e canto realízaos no Conservatorio de Santiago de Compostela, cidade na que tamén cursará a diplomatura en Educación Musical e na que actualmente

mora. Máis tarde complementará en Salamanca a súa formación académica coa Licenciatura en Historia e Ciencias da Música, exerceu como director do IES Maximino Romero de Lema (Baio, Zas) durante oito anos e na actualidade ten destino no IES do Milladoiro como docente de música.

A pesar de tocar varios instrumentos, é o acordeón o seu símbolo de identidade, en torno ao que xira todo o seu discurso musical. Isto levouno a formar hai anos o dúo chamado Serra-lhe aí!!! que posteriormente se transformou nunha grande familia musical. Foi tamén membro fundador do grupo Fiandola e Taghaitá, nos que a música tradicional son esencialmente a canle de comunicación escénica.

Tamén experimentou unha interesante etapa compositiva e interpretativa cos Diplomáticos de Montealto como vocalista, acordeonista e saxofonista. Compuxo e gravou temas con Guadi Galego, Sés, Lamatumbá, O Sonoro Maxín... entre outras. As súas inxerencias lévano tamén ao mundo da creación audiovisual de documentarios e á produción musical.

Leva anos traballando no *Proxecto Regueifesta*, no que tenta –xunto con Séchu Sende- levar o mundo da improvisación oral en verso ás aulas do sistema educativo público. Un proxecto de dinamización lingüística a través do activismo social e educativo que nos últimos anos medrou dun xeito imparábel. Na actualidade está a traballar no proxecto educativo *Ao Son da nosa música*, un camiño para tecer pontes de encontro entre o mundo artístico en galego e o ensino público.

FERNANDO LACACI

Fernando Lacaci Batres naceu en Lugo, onde estudou o ensino obrigatorio e o bacharelato, sempre en centros escolares públicos; e trasladouse a Compostela para estudar na USC a principios dos anos oitenta do século pasado. Xa nunca marchou desta cidade e aquí desenvolve a súa actividade profesional como funcionario da Xunta de Galicia.

Está viúvo e ten un fillo estudando na USC e outra que está estudando o bacharelato nun instituto público.

Entrou no mundo das asociacións de nais e pais no ano 2008, na ANPA do centro de primaria onde estaba escolarizado o seu fillo maior; ANPA que logo presidiu entre 2009 e 2017 e a través da que se foi incorporando a outras organizacións, como a Federación de ANPAS de Compostela, que preside dende o ano 2011.

Como presidente da FANPA COMPOSTELA participou activamente na creación da Confederación ANPAS GALEGAS, unha organización que ten no seu ideario a defensa dun Ensino público, galego, laico, participativo e inclusivo, ideas que comparte a nivel persoal e que defende a nivel social.

ANPAS GALEGAS naceu formalmente no ano 2013, aínda que viña xestándose dende un par de anos antes, e dende o primeiro momento contou con

Fernando Lacaci como un dos seus directivos, ocupando a vicepresidencia dende o primeiro momento e a presidencia dende o ano 2019. É unha organización que xa naceu grande en asociadas e intencións, e que sen descanso vai ocupando cada vez máis presenza no mundo educativo galego, tan necesitado da participación de toda a comunidade educativa.

Fernando Lacaci é a voz pública desa confederación dende a súa creación, pero as súas palabras inclúen, como non pode ser doutro xeito, o pensamento e traballo de moitas outras persoas anónimas, que asentan as bases do que quere ser a participación democrática de nais e pais do alumnado no Ensino Público Galego.

CRISTINA LLINARES

Cristina Llinares Francisco é mestra de educación infantil.

A súa experiencia no ciclo 0-3 responde a unha práctica profesional de máis de 25 anos que combina o traballo na aula coa xestión de centros.

Publicou artigos sobre a súa experiencia en diferentes revistas pedagóxicas, participa na formación de profesionais, colabora coa web *Alaya Difundindo Infancia* e é membro da asociación *Mudare* e asesora de revista *Aula Infantil* da editorial Graó, coa que acaba de publicar un libro sobre materiais no 0-3.

LORENA PITA

É coordinadora de Educación Infantil en Aulas Galegas. Un anaquiño da vida desta mestra de Infantil:

Quen son?

Empática, solidaria, e comprometida, así son eu. Nada en San Sadurniño no 78, e residente en Narón de case toda a vida, son unha mestra inqueda e con ganas de profundizar sempre en temáticas novas e innovadoras.

Boa estudante dende pequena, pero chea de inquedanzas, cheguei a maxisterio despois de darlle moitas voltas, posto que son amante de moitos campos profesionais como as novas tecnoloxías, as linguas ou a natureza. Deste xeito sempre ando en mil formacións para calmar a miña sede de aprendizaxe. Logo veu a maternidade e con ela moitas novas ganas de saber como sementar na miña filla o amor pola miña lingua. Pero entón chegou a pandemia, e apareceu Aulas Galegas sen chamar, e da man de Cristina comezamos esta andaina tan motivadora e atractiva!

Que fago?

Profesionalmente traballo dende hai 13 anos no CEIP Plurilingüe Os Casais, de Fene como mestra e de Educación Infantil. Antes de chegar aquí pasei por Rianxo, Vigo, A Pobra do Caramiñal, Tui.... Dende hai 10 anos, son tamén a directora dese pequeno centro.

Nestes anos formeime sobre todo para poder acompañar o meu alumnado no descubrimento dos seus talentos, das súas motivacións e tamén para axudarlles a desenvolver as súas competencias a través do modelo SEM. Tamén, no acompañamento das súas emocións a través da disciplina positiva, camiño que aínda estou a percorrer. Dende a coordinación de AG, publicamos un montón de propostas que casan con estas temáticas e que axudan ao profesorado galego a atopar recursos na lingua propia e que á súa vez son atractivos e motivadores para o alumnado. Sen dúbida coordinar esta sección é xa toda unha aprendizaxe!

Por que Aulas Galegas?

En marzo de 2020 o mundo detívose por completo e xurdiu do máis íntimo dos mestres/as galegos esta iniciativa completamente antagónica do momento histórico no que nos atopabamos, acendeuse de novo o lume da educación, dos que pensaban nos nenos/as que quedaron de súpeto sen nada do que coñecían e moitas veces con grandes desigualdades. AG é a revolución educativa galega con maior identidade de todas as que presenciou a educación deste país no último século. É unha rede cooperativa incomparable.

CRISTINA RODRÍGUEZ

É coordinadora de Educación Infantil en Aulas Galegas. Un anaquiño da vida desta mestra de Infantil:

Quen son?

Nacín en Ferrol (1979), aínda que hoxe en día vivo en Narón (A Coruña).

Comencei a miña andaina profesional no mundo das relacións laborais. Tras ter fillos cambiei de rumbo completamente e cursei a carreira de mestra en educación infantil na UDC.

Ser nai, estudar e traballar á vez foi unha aventura interesante pero cunha boa motivación acádase calquera meta. Baixo esta premisa embarqueime xusto no inicio da pandemia, dun día para outro, no proxecto de Aulas Galegas, como coordinadora de Educación Infantil xunto coa miña compañeira Lorena, no nacemento desta iniciativa.

Son a segunda de tres irmáns e supoño que por iso sempre estoupo coas inxustizas, gústame deixar pegadas positivas na vida da xente que me coñece, desfruto coas artes e as artesanías porque son reflexo das almas das xentes que as crean. A humanidade é un ben cultural inmensurable.

Que fago?

Profesionalmente traballo no primeiro ciclo de educación infantil, actualmente dirixo a Escola Infantil Municipal de Miño "A Ceboliña", xestionada por SENES CIT SL. Acompañar ás crianzas e ás familias nos primeiros períodos sensibles dos nenos/as é o meu principal obxectivo.

Atopei o meu lugar no mundo cando se cumpriu o tópico e ir a traballar deixou de ser un traballo.

Na miña traxectoria formativa céntrome especialmente, por convencemento, na atención á diversidade. Se xa resulta complicado ás veces atopar os recursos que desexamos en galego, atopalos adaptados á metodoloxía DUA resulta practicamente imposible. Dende a coordinación de AG podemos plantexar, seleccionar e publicar propostas coidadas neste senso que faciliten ós mestres/as de Galicia obter as ferramentas precisas para avanzar no camiño da inclusión escolar. É un compromiso persoal ó que me sinto aferrada tanto na miña vida persoal e profesional como no meu voluntariado en AG.

Por que Aulas Galegas?

En marzo de 2020 o mundo detúvose por completo e xurdiu do máis íntimo dos mestres/as galegos esta iniciativa completamente antagónica do momento histórico no que nos atopábamnos, acendeuse de novo o lume da educación, dos que pensaban nos nenos/as que quedaron de súpeto sen nada do que coñecían e moitas veces con grandes desigualdades. AG é a revolución educativa galega con maior identidade de tódalas que presenciou a educación deste país no último século. É unha rede cooperativa incomparable.

MARTA SANTOS

Datos académicos

- Mestra Especialista en Educación Física, Educación Primaria e Pedagogía Terapéutica. Universidade Santiago de Compostela. 1996.
- Licenciada en Psicopedagogía. Universidade Santiago de Compostela. 1999.
- Diploma de Estudos Avanzados en Pedagogía Social. UNED Madrid. 2007.
- Traballo de investigación “Influencia do circo na vida dunha crianza” en Brasil.
- Máster en sexoloxía pola Universidade de Alcalá de Henares co instituto INCISEX

Datos profesionais

- Funcionaria de Carreira como Mestra especialidade en Educación Física. 1999
- Funcionaria de Carreira como Profesora Técnica de Formación Profesional na especialidade de Servizos á Comunidade. 2008
- Funcionaria de Carreira como Profesora de Ensino Secundario en formación profesional na especialidade de Intervención Sociocomunitaria. 2019

Experiencia no ámbito docente

- 1997-2008. Mestra en Educación Infantil, Primaria e primeiro ciclo de Secundaria en Galiza e Valencia.
- 2008-2018. Profesora técnica en FP na Especialidade de Servizos á Comunidade, impartindo clases nos IES e CIFP nos CS de Educación Infantil, Animación Sociocultural, Integración Social e no CM de Atención a Persoas en Situación de Dependencia.
- 2018 ate a actualidade. Profesora de Ensinanza Secundaria na especialidade de Intervención Sociocomunitaria no CIFP Compostela nos CS de Integración Social e Educación Infantil e CM de Atención a Persoas en Situación de Dependencia.

Experiencia noutros países

2006-2007 Estancia en Brasil traballando en Rio de Janeiro coa organización SFB (<http://www.sfb.org.br/site2015/br/>) en escolas infantís comunitarias e con grupo de teatro social de muller . Tamén participación na área formativa e pedagóxica no circo Laheto en Goiana (<http://circolaheto.org/>)

Experiencia impartindo obradoiros, charlas e organización de xornadas

- Impartición de ponencias e obradoiros vinculados a infancia e xogo en diversas formacións a docentes desde o ano 2000 ata a actualidade.
- Organizadora de Xornadas de Educación Infantil e de Educación Sexual con Semente desde o ano 2010

Formación complementaria

- Participación en múltiples curso relacionados coa educación física entre os anos 1993-2008
- Participación en grupos de traballo relacionados con educación desde o ano 1997
- Coordinadora de grupos de traballo de igualdade, bibliotecas e educación física desde o ano 1997
- Realización de cursos relacionados con resolución de conflitos na aula, educación para a paz e para a igualdade desde o ano 1997

Datos complementarios

- Membro de diversos colectivos e fundadora da Asociación Semente-Escolas de Ensino Galego
- Idiomas: Galego e catalán. C1
- Participación en grupos de teatro durante anos
- Colaboración coa Federación de Asociación de persoas con diversidade funcional e psíquica (FADEMGA)
- Monitora de Tempo libre

BERNARDO PENABADE

Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela, complementou estudos na especialidade de Filoloxía Hispánica. Nese tempo, a mediados os 80, con Luís Poupariña, desenvolveu unha intensa actividade na comisión de cultura da Residencia Universitaria 'Burgo das Nacións', onde impulsou a convocatoria dun célebre Certame Literario que serviu para descubrir novos valores. Desde 1985, mantivo colaboración artística no sector audiovisual coa empresa Imaxe Galega en traballos encargados pola TVG. Ademais da sincronización e dobraxe de filmes e seriais televisivos, ocupouse da tradución de guións (especialmente de programas destinados ao público infantil).

Entre 1997 e 1998, foi colaborador habitual de *Volvoreta*, o suplemento do xornal *El Correo Gallego* para a comunidade universitaria de Compostela, onde publicaba noticias de libros e entrevistas a escritores galegos.

Tras un breve período de docencia no Colexio Paulo VI da Rúa de Valdeorras, foi profesor no Instituto Otero Pedraio de Ourense, en Bueu, Ortigueira e en Viveiro (IES 2003). Desde 2003 está destinado no IES Perdouro de Burela.

Participou en numerosos congresos con relatorios publicados sobre sociolingüística e didáctica. Traballos seus poden lerse na revista *Agália*, en *A Nosa Terra* e *Novas da Galiza*, como tamén nas actas de diversas reunións de carácter científico. Desde 1983 é membro da AGAL, entidade en que colaborou con diversas personalidades relevantes da cultura galega, entre elas Ricardo Carvalho Calero.

Integrante do consello directivo en diversas ocasións, resultou elixido secretario en 1996 e foi presidente no período 2001-2007, encabezando un movemento de integracionismo nun sentido integrador.

No campo da didáctica é o impulsor do "Modelo Burela de Planificación Lingüística", unha estratexia educativa en aplicación desde 2004.

MARÍA CAMPOS E CARLOS YUS

Migallas Teatro somos unha compañía de teatro fundada no ano 1992 en Pontevedra co obxectivo de facer un teatro comprensible, crítico e entretido para todos e todas, bebendo da tradición do pobo e da vida cotiá e cunha visión universal das situacións humanas máis próximas.

Xa desde os nosos primeiros espectáculos, *O cantante e as mulleres*, para público mozo e adulto e *Canta connosco!*, para público familiar, abordamos a cuestión da situación da lingua galega e os prexuízos que dificultan o seu uso normalizado en todos os ámbitos da vida. Neste senso, podemos destacar a creación da personaxe da Sra. de Palmírez, coa que se critica dun xeito humorístico determinadas actitudes con respecto ao galego. Esta personaxe participou durante varias tempadas no programa "Luar" da TVG.

Cando iniciamos a nosa andaina teatral hai case 30 anos, decatámonos de que no eido da música infantil, á parte dos loables traballos de Suso Vaamonde e do grupo “Saraibas”, co certame “Cantareliña”, apenas había cancións para a rapazada na nosa lingua. Daquela, decidimos gravar o disco *Canta connosco!* onde incluimos *O rap da lingua*, que por desgraza, aínda non pasou de moda.

O éxito destes primeiros espectáculos animounos a realizar máis montaxes e representalas en multitude de colexios, institutos, casas de cultura, prazas, teatros e auditorios de toda Galicia. Así naceron espectáculos como *Merenda con pan de millo*, *Un avó especial*, *Camiño de historias*, *Pegadas de Castelao* e moitos de narración oral tanto para público familiar, *Elas pintan moito*, *Cantacontos...* como específicos para bebés *Os contos do chupete*, *Entre arrolos e contiños* etc.

Alén disto, desenvolvemos talleres de expresión dramática, plástica e musical a través de concellos, asociacións e colexios de diversos municipios como Vilaboa, Soutomaior, Tomiño etc. En Pontevedra levamos a cabo desde o ano 1998 os obradoiros de *Á procura do tesouro*, organizados pola Concellería de Cultura.

Por outra banda, nos anos 2002 e 2003 creamos o espectáculo da Cerimonia de Apertura da Feira Franca de Pontevedra e, no ano 2004, o espectáculo ao aire libre *Os Irmandiños*, no que participaron 40 persoas. Tamén realizamos visitas culturais teatralizadas polo Centro Histórico de Pontevedra e no Museo de Pontevedra.

Amais do disco *¡Canta connosco!*, gravamos os discos *Zaragallada* e *Pan de millo* e editamos o libro *Un avó especial*. Creamos a páxina web sobre ditos infantís de tradición oral *Orella Pendella* e elaboramos os vídeos de *Brincadeiras da lingua* sobre este mesmo tema.

Ah!, e no ano 2016 recibimos unha inesperada sorpresa cando nos deron o Premio Xoán Manuel Pintos ao compromiso coa lingua.

Ben, e polo de agora, pensamos que con isto xa abonda...

NEREA COUSELO e CHUS CARAMÉS

Nerea Couselo, educadora social e pedagoga, e Chus Caramés, animadora sociocultural, son educadoras en Xandobela | Educación e cultura e noutros proxectos socioculturais e socioeducativos en distintas asociacións e colectivos do país.

Desde o ano 2005, en Xandobela levamos desenvolvendo actividades e proxectos de dinamización lingüística, mediación da lectura, pedagogía lúdica e divulgación e didáctica cultural e patrimonial, coa sociocultura galega como eixe. Son cuantiosos os proxectos que en Xandobela producimos e coordinamos a nivel local e tamén a nivel europeo, traballando en rede con numerosas entidades do ámbito municipal, do asociacionismo e do sector sociocultural e creativo en xeral.

Traballamos nos vellos eidos da cultura, da educación e da relación entre as persoas, favorecendo a actitude integradora, creativa e lúdica cun carácter participativo e vivencial.

Deseñamos e implementamos proxectos para públicos de todas as idades, aínda que somos especialistas na intervención co colectivo infantil e xuvenil e no desenvolvemento de recursos e materiais didácticos para seren empregados en distintos contextos da educación formal e non formal. Algunhas destas iniciativas son: *Somos xogo*, para a difusión do patrimonio lúdico galego e a creatividade xogantina; o *Proxecto tesouros vivos*, para a posta en valor do patrimonio cultural inmaterial e da memoria colectiva; ou os proxectos transnacionais subvencionados polo programa europeo Erasmus Plus: *Babel* para a innovación educativa nos métodos de difusión do patrimonio oral e literario; *Ludamus!*, cuxo obxectivo é promover o patrimonio cultural a través de estratexias lúdicas; *Muses*, proxecto xuvenil para a experimentación con estratexias e métodos no ámbito artístico e creativo con perspectiva de xénero ou *ACNE*, de fomento da lectura no colectivo adolescente.

Somos pioneiras no deseño e desenvolvemento de Bibliotecas viventes ou humanas no territorio galego, que empregamos de xeito especial para rachar cos prexuízos arredor da cultura e da lingua de noso. Deseñamos anualmente actividades diversas que forman parte das campañas escolares de dinamización lingüística de numerosos Concellos e tamén participamos de xeito habitual nas programacións do *Apego* a través de actividades relacionadas coa narración oral e co xogo, principalmente.

<http://xandobela.info/>

MARCOS MACEIRA

Licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e xestor cultural. É profesor de secundaria de Xeografía e Historia.

Foi representante dos Comités Abertos de Estudantes no Consello Escolar de Galiza (1996-98) e responsable de Organización dos CAF (1999-2001). Foi un dos coordinadores do Simposio-Homenaxe a Xosé Chao Rego (2004) e do Simposio Internacional Priscilano (2006). Foi secretario (2002-2012) e presidente (2012-2014) da Agrupación Cultural O Galo e vicepresidente da federación de asociacións culturais Galiza Cultura. Foi o responsable de coordinar a organización do *Correlingua*.

Desde 2014 é o presidente da Mesa pola Normalización Lingüística e da xestora de Queremos Galego!

MARCELO RODRÍGUEZ

Faia Educación ambiental é unha empresa creada no ano 2011 e xestionada por Marcelo Rodríguez Acosta.

Consideramos que a educación Ambiental é chave para a comprensión das relacións de interdependencia das especies e, por outra banda, das relacións existentes entre o medio e a sociedade. E así, Faia promove unha aprendizaxe innovadora, fundamentada na anticipación, prevención, coñecemento, lecer e participación que permita a comprensión e fomenta a implicación e o compromiso da sociedade.

Faia Educación Ambiental nace coa ilusión de promover o coñecemento da nosa realidade ambiental a través de cursos, xornadas, visitas guiadas, campañas ou traballos no eido educativo

E dado que as cuestións ambientais están intimamente conectadas coas culturais, sociais e económicas, potenciamos tamén os valores da igualdade en todos os seus aspectos, a diversidade, a dinamización da lingua galega e a visualización da súa feminidade, o fomento da creatividade e a implicación social a través da participación.

MARTA SOUTO GONZÁLEZ

É licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa (USC, 1987).

Profesora de lingua e literatura galegas entre 1987 e 1991. En 1992 comezo a traballar como técnica do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, como responsable deste SNL.

Profesora da Academia Galega de Administración Pública, nos anos 1994-2000.

Publicacións

Formularios básicos de procedemento xudicial en lingua galega, 2003

Manual de formularios para policía locais, 2001

Manual de documentos para asociacións veciñais, 2001

Léxico de urbanismo, construción e arquitectura, 2000 (co-autora)

Manual de linguaxe non sexista no deporte, 2008 (supervisora)

Relatorios

Sobre Toponimia, en distintos congresos, xornadas, cursos... entre eles:

- “Toponimia: Ferramenta para normalizar a lingua” nas xornadas *Como se chama ese lugar?* sobre toponimia viguesa, organizadas polo Concello de Vigo e a Universidade de Vigo. (Vigo, 2010).
- “O territorio nomeado”. XXI Congreso Internacional ICOS de Onomástica e Toponimia, (Barcelona, 2011).
- “Meu, coñecéndonos, descubríndonos”. I Curso de Formación en

Especialistas en Toponimia, organizado polos concellos de Ourense, Pontevedra, Vigo, a Uvigo e o Instituto de Estudos Miñoranos. (Vigo, Pontevedra e Gondomar, marzo de 2013).

- “Toponimia do val de Fragoso”. II xornadas de Toponimia viguesa. (Vigo, 2013).
- “Toponimia e normalización”. Curso de verán “Toponimia. Actuación e Interpretación”, organizado pola USC (Santiago, 2013).

Sobre dinamización/normalización lingüística con relatorios sobre o labor dende o SNL, entre eles:

- Dende o ano 2001 e até o 2006 no Paternariado de linguas minoritarias da UE coa presentación de distintas actividades do SNL, así como noutros foros europeos sobre linguas minoritarias.
- En diferentes Encontros de Normalización Lingüística do Consello da Cultura, Cursos da USC, en xornadas organizadas pola USC, Comisión de Toponimia, servizos de Normalización Lingüística, ILG...
- “Duplo R. regueifa e rap”. El catalán mola?, xornadas organizadas pola Deputación de Tarragona, no 2010.
- “Bibliotecas viventes”. Proxecto “E-Books 21”: en Atenas no 2011.
- A improvisación oral tradicional e modernidade. Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo”, no congreso “L'improvisation orale. Tradition et actualité. Galice, Pays Basque et Pays Catalans”.Nouvelle Sorbonne. París, 2014.
- A improvisación oral: ferramenta para a normalización lingüística, no Congreso mundial sobre canto improvisado, organizado por Mintzola Fundazioa e pola Universidade do País Vasco, Donosti 2016.
- Xornada sobre a "Poesía Improvisada como recurso educativo", organizada polo SNL do Concello de Moaña en febreiro de 2019, co relatorio “A regueifa: ferramenta didáctica”.

APATACÓN. FAIA DÍAZ E VERO RILO

Compañía de nova creación da man da vocalista Faia Díaz (Coro Encaixe, De Vacas...) e a contadora Vero Rilo (Daboapipa, Rilo&Penadique...) onde se xuntan por gusto e querencia investigando os límites e puntos de encontro das súas disciplinas de orixe para achegalos ata diluidos.

Por unha Peseta é o primeiro traballo conxunto da compañía nada en 2018 onde voz narrada e cantada achéganse por menos de nada para atopar canto vale unha peseta.

Vero Rilo é narradora oral e educadora.

Comezou a súa andaina formativa titulándose como técnica superior en Integración Social. Foi traballadora dende o ano 2010 na Rede de Escolas Infantís de Galicia - Galescolas e decide despois comezar unha nova etapa

como educadora da Rede de Escolas de Ensino en Galego Semente, dende 2015 ata 2018, para logo mergullarse por completo no universo narrativo.

Fórmase con importantes e queridos referentes da narración oral galega e internacional como Charo Pita, Tim Bowly, Quico Cadaval, Pepito Mateo, Nono Granero, Paula Carballeira, Rodorín ou Soledad Felloza.

No 2013 emprende da man do seu amigo, camarada e acordeonista Santi Prieto, o seu proxecto conxunto de narración e música para público familiar e crea a compañía Daboapipa. No 2015 toma o relevo musical Carlos Quintá para dar continuidade con Lavandeiras. O rodar da vida e o interese pola primeira infancia fan que en 2017 forme a compañía Rilo&Penadique coa mestra, cantante e acordeonista Sonsoles Penadique, para profundizar no universo da narración e música para bebés, da que nace o espectáculo-obradoiro *ARRE RU*, para pouco despois afianzarse como dúo coa proposta *O pozo das Señoras*. Dende o 2018 investiga os límites e puntos de (des)encontro do contar e cantar coa vocalista Faia Díaz en Apatacón.

No 2019 enrédase en Divas de Diván coas narradoras e compañeiras Ángeles Goás e Carmen Conde Gaute nunha sesión compartida de contos eróticos. Dende o 2019 xira con Pallasos en Rebeldía, coa obra teatral *O Valo*, de Carlos Labraña e dirixida por Iván Prado.

Forma parte do Colectivo de Narración Oral Galega NOGA, organizando o I e II Encontro NOGA na cidade de Mondoñedo nos anos 2018 e 2019

Faia Díaz Novo (Santiago de Compostela, 1988) é cantante e licenciada en Historia da Arte pola USC.

É fundadora e integrante do grupo musical De Vacas desde 2015, do Coro Encaixe desde o 2016 e da compañía A Patacón desde 2017. Desde 2020 forma tamén parte, xunto a Nacho Muñoz e LAR Legido, dunha formación na que revisan o repertorio do Zeca Afonso desde unha óptica contemporánea e experimental.

No 2019 viu a luz o seu primeiro traballo discográfico en solitario, *Ao cabo leirín*, unha autoedición en vinilo na que presenta unha selección de arquivos tradicionais transmitidos por mulleres e reinterpretados por ela soa en diferentes espazos sonoros, baixo a produción e o deseño de son do Hevi (Fluzo, Malandrómeda). *Ao cabo leirín* foi seleccionado como terceiro mellor álbum estatal de raíz do 2019 pola revista *Mondosonoro* e finalista a mellor proxecto de música tradicional nos Premios Martín Códax da Música 2020. Para o directo acompañouse do músico Benxamín Otero.